

TEORÍA DOS ESTRATOS

O galego é unha **lingua romance ou neolatina**, é dicir, pertence á familia dos idiomas que derivan do latín. Sendo este a base -estrato- para a evolución ao galego-portugués e logo ao galego actual, outras linguas asentadas antes -substrato- e despois -superestrato- do dominio romano neste recuncho noroeste da Península influíron na conformación do idioma. Do mesmo xeito, na actualidade a lingua galega segue a recibir préstamos léxicos de linguas veciñas (e hoxe veciñas son case todas no mundo globalizado), unha das máis acusadas o castelán, froito dunha correlación en desigualdade de forzas na que a lingua do Estado español somete a colonización lingüística ao noso idioma (Portas, *Lingua e sociedade en Galiza*; ou García Negro). Temos sempre que recordar que o galego, como lingua viva que é, continuará a mudar e que soamente nxs falantes está o poder de mantela dun xeito ou doutro.

1. **SUBSTRATO**: este termo refire aos influxos lingüísticos dos pobos indoeuropeos prerromanos na evolución do idioma. Inda que sabemos da existencia de camadas lingüísticas anteriores, coñecemos algo mellor xa as **linguas preceltas** (800a.C.) e as **celtas** (600a.C.). A principal achega destas linguas de substrato está no léxico (e máis nomeadamente en substantivos, voces que refiren obxectos concretos da vida cotiá, xeografía/toponimia e outras realidades elementais) e na fonética (especúlase que a pronuncia velar e a distinción entre as vogais de grao medio é unha herdanza destes pobos).

2. **ESTRATO**: o expansionismo 'imperialista' do Imperio Romano fixo ao mesmo asentarse e establecer un dominio cultural sen precedentes no noroeste peninsular, aka Galiza actual (138a.C.-19a.C.), froito dun proceso ao que chamamos **romanización** e que supuxo a estabilización do idioma latín no territorio. Deuse un bilingüismo diglósico motivado polo ascenso social, e foise rompendo a transmisión xeracional da lingua autóctona (latín lingua A para contextos elevados -escola, relixión, exército- e lingua B autóctona para usos non formais -familia, pobo castrexo-) que rematou nunha substitución completa. O latín introducido en Galiza é un latín particular, como o era en cada rexión conquistada, pois os colonizadores terían unhas características propias segundo a zona da que viñesen, o substrato cultural e lingüístico era un determinado nesta rexión, e a Gallaecia atopábase nun lugar periférico, onde chegarían menos innovacións lingüísticas. No século V-VI todo o mundo falaba latín. Hai quen di que antes. Socialmente, o latín materialízase en dúas variedades que se irán diferenciando cada vez máis: a lingua latina escrita que se mantén fiel ao modelo dos clásicos (relixión, cultura, ensino, lexislación, documentos) e a lingua oral suxeita ás variacións espacio-temporais (cada tempo ían sendo maiores). Hoxe en día é latina a práctica totalidade do vocabulario galego

3. **SUPERESTRATO**: linguas asentadas en territorio de fala latina que foron eliminadas pero deixaron algúns trazos/tendencias para a/na evolución da lingua e que, no caso do galego, contribuíron ao proceso de 'disgregación' do latín falado:

3.1 **Xermánico**: un destes pobos fundou o Reino Suevo de Galiza, que durou 411-585. Posteriormente os visigodos rivalizaron cos suevos e fixéronse co control. As linguas xermánicas nunca chegaron a ter cultivo escrito/literario, non chegaron a impoñer a súa lingua e acabaron latinizados. A maioría de termos conservados son do eido bélico-político.

4.2. **Árabe**: entraron na península (711) con forte repercusión, pero apenas tiveron presenza en Galiza. Difícil saber se as súas palabras entraron directas (contacto co árabe) ou a través do portugués ou castelán (arabismos). Coma no xermánico, a influencia árabe nos idiomas peninsulares deuse máis polo efecto de desnucleizador.

✓ Coas achegas xermánicas e árabes estamos ante o nacemento das linguas romances (arredor do 800, di Portas). Hai tres séculos (411-711) nos que a Gallaecia ou Reino da Galiza está relativamente illada con respecto ao resto peninsular, o cal ten causalidade á hora de estudar as tendencias de desenvolvemento particular do idioma durante este tempo, o que dará unha lingua romance diferenciada).

- ✓ No século VIII, **galego-portugués, astur-leonés, castelán, éuscaro, catalá e mozárabe** estaban diferenciados do latín e en igualdade de condicións dentro dos seus territorios naturais na península. As causas políticas serán as que determinen cales se impoñen e cales non (Carvalho Calero en Da fala e da escrita).

4.3. Superestrato latino: voces patrimoniais, culturas e semiculturas

A pesar de falarse na Galiza unha lingua romance desde o século VIII cando menos, o latín conviviou en varios ámbitos até hai ben pouco: sendo lingua da Ciencia até o século XVIII e da Igrexa até ben entrado o século XX pasado. Durante todo este tempo houbo achegas do latín ao galego. Estes trazos léxicos incorporáronse e non sufriron as modificacións pertinentes na evolución do latín ao galego romance, polo que podemos dividir as voces latinas en varios grupos segundo a evolución fonética que sufriron:

A) Patrimoniais: están desde a formación da lingua romance e experimentaron todas as evolucións. Constitúen o groso do corpus léxico básico. No léxico patrimonial é onde se aprecian enteiramente as diverxencias das distintas linguas románicas.


B) Culturais: palabras tomadas tardiamente do latín. Non presentan alteración na forma, só mínimas adaptacións para acomodarse á estrutura fonética e gramatical do idioma. A necesidade de empregar termos técnicos específicos e novidosos obriga a recorrer constantemente ao latín (tb ao grego: 'helenismos') polo que se van introducindo numerosos cultismos continuamente (exixencias de tipo cultural). Moitos cultismos tamén entran por vía do castelán ou do inglés.

C) Semiculturais: termos que penetran nun momento intermedio. Experimentan algúns cambios fonéticos pero non todos.

D) Latinismos: palabras ou expresións que se seguen usando (incluso popularmente) coa forma latina.

4. **ADSTRATO**: as influencias recíprocas de dúas linguas faladas en territorios en contacto (intercomunicacións: relacións culturais, sociais, económicas, políticas) son as denominadas influxo de adstrato. Este influxo maniféstase por medio dos **préstamos lingüísticos**, nomeadamente termo que se toma doutra lingua e se adapta. Cando un préstamo é incorporado a unha lingua denomínase 'estranxeirismo'. Como vimos dicindo, as linguas son entes vivos e seguen sempre a sufrir transformacións en maior ou menor medida. No caso do galego, son varias as linguas que contribuíron como influxo: occitano (na idade media), linguas amerindias (século XV-XVI), italiano (XVI-XVII), francés (XVIII-XIX), alemán (XIX-XX), ruso (XX), inglés (XX-XXI), xaponés, portugués... e tamén das linguas peninsulares (éuscaro e catalá, fundamentalmente desde o século XVIII), incluída o castelán:

- O castelán a lingua que máis influíu no galego debido á **colonización lingüística**, segundo a definición de Pilar García Negro en *O galego e as leis*. O sometemento de Galiza a unhas leis dirixidas desde un Estado foráneo como é o español supón que a lingua galega se atope por baixo do castelán en estima social, o que fomenta a diglosia e o uso de abundantes castelanismos. Tamén hai que dar conta dos préstamos que cobren un oco inexistente (non substitutivo ou non 'barbarismo').



EXERCICIO 1: ADIVIÑA DE QUE LINGUA PROCEDEN ESTES TERMOS XA GALEGUIZADOS!

TERMO ACTUAL	LINGUA PROCEDENCIA	TERMO ACTUAL	LINGUA PROCEDENCIA
<i>rodaballo, berce, lama, lousa, cantiga, varanda, buraco, bidueiro, croio, virar, billa, canga // carro, camiño, camisa, cervexa, braga, alpendre, berro, billa, xouba, touciño, camba, cántiga, laxe... Coimbra, O Grove, Braga, Betanzos, A Coruña, Miño, Limia, Sar, Sarela, Deva, Avia...</i>		<i>democracia, gas, amnesia, teléfono, fotografía, cine...</i>	
<i>roubar, gardar, gañar, esmagar, agasallar, guerra, frecha, baño, toalla, escuma, sopa, laverca, lobio, gabar, rifar, garfo, agarimo, branco, rico... o sufixo -engo. Afonso, Alberto, Álvaro, Elvira, Fernando, Gonzalo, Luís, Ramón... // Suevos/Suegos, Zas, Baamonde, Gondomar, Castromil, Mondariz, Guitiriz, Allariz...</i>		<i>monxe, frade, viaxe, trobar, bacallau, bailar, cordel, hostel...</i>	
<i>A Mezquita, A Pastoriza, Rábade, Sada, Alfoz // almofada, alfombra, alcalde, aldea, algodón, alcohol, alicate, álgebra, laúde, xadrez, cifra, xabarlil, xinete, limón, laranxa, aceite, atalaia, arroz, atún, até, oxalá, de balde...</i>		<i>pataca, tomate, chocolate, cóndor, alpaca, puma, furacán, cacahuete, chicle, cacao, carpa, cancha, petunia, tucán, gaucho, poncho...</i>	
<i>concerto, novela, fachada, serenata, pallaso, piano, grotesco, mostacho, tómbola...</i>		<i>cinc, cobalto, cuarzo, feldespato, níquel.</i>	
<i>bar, fútbol, panfleto, mitin, sándwich...</i>		<i>abur, zamarra...</i>	
<i>remolcar, bou, turrón, faena...</i>		<i>tortilla, guerrilla, bolero...</i>	

REGRAS DE EVOLUCIÓN BÁSICAS DO LATÍN AO GALEGO MEDIEVAL

- ✓ Simplificación consoantes duplas (xeminadas)
- ✓ Perda de consoantes finais
- ✓ Desaparición de -N- e -L- intervocálicos
- ✓ Lenición (LATÍN>galego-portugués): P > b, T > d, K > g + desaparición -B/-V-, -D-, -G-
- ✓ Evolución consonántica dos grupos
- ✓ Formación de novas palatais: FL-/BL-/CL-> ch-, L+I/E> lh > ll, N+I/E> nh > ñ
- ✓ Evolución vocálica variábel, normalmente: A>a, E>e/i, I>i,/e, O>o, U>u/o
- ✓ Evolución dos ditongos: AU>ou, AE>e, ...
- ✓ Vocalización grupos consonánticos: -CT->-it-

EXERCICIO 2. Lembra as normas de evolución básicas das palabras patrimoniais (páxina anterior). Logo, tenta descifrar razoadamente cales son os termos actuais que herdamos destes étimos latinos. Completa a información.

ÉTIMO LATINO	TERMO ACTUAL	EVOLUCIÓN
FLAMMA	chama	- grupo consonántico FL- > ch- - simplificación de consoante dupla: -MM- > -m-

LUPUM	lobo	- lenición: -P- > -b- - perda -M final - evolución vocálica
CLAMARE		
PLORARE		
PECTUM		
MONETAM		
AMICUM		
FILIUM		
ARTICULU		
BONA		
FOCU		
ILLA		
CATTU		
BUCCA		
DUBITA		
VOCALÉ		
SAPORE		
APRILE		
CABALLU		
VENTANA		
VITA		
VENIRE		
NODU		
MULIERE		
GRADU		
RODERE		
TECTU		
MAMMULA		
PERDONARE		
TRUCTA		
OCTO		
CIVITATE		
SEDERE		
AURUM		
LUNAM		
LANA		
MATERIA		

